REVISTA INFORMATIVA TRIMESTRAL

DOWN Galicia



Primeiro encontro virtual de mozos e mozas das entidades Down galegas

A campaña de vídeos #FóraPrexuízos desterra mitos sobre o colectivo

Unha bacteria presente en persoas coa síndrome de Down que prevén a carie

ADAPTACIÓN Á CONVENCIÓN DA ONU SOBRE DISCAPACIDADE

España elimina a incapacitación legal: Explicámosche as novidades xurídicas!

200 contratos durante 2020 avalan a metodoloxía de Emprego con Apoio

Número 21 - Xuño 2021

ÍNDICE

“Obter o Celga axuda á hora de atopar traballo”	3
200 contratos durante 2020 avalan o programa ECA	7
Empresas solidarias grazas ao Imposto de Sociedades	11
A campaña #FóraPrexuízos desterra mitos do colectivo	15
Primeiro encontro virtual de moz@s das entidades Down	19
España elimina a incapacitación legal na discapacidade	21
Bacteria presente na síndrome de Down prevén a carie	25
O balance de Down Galicia: Velaquí a Memoria 2020	27
Máis noticias?	29
Séguenos!	30

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



PÁXINAS 1-2

Sesión de lectoescritura en Teima



Iván, de Down Vigo, no seu posto de traballo

AS PERSOAS USUARIAS COINCIDEN EN QUE "SUPERAR A PROBA DO CELGA AXUDA Á HORA DE ATOPAR TRABALLO"

Ao longo da primavera tiveron lugar as probas para a obtención dos certificados Celga de lingua galega. Estas certificacións, dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, permiten acreditar o coñecemento que unha persoa ten do galego a efectos de xustificar méritos ou requisitos.

Nos últimos anos foron moitas as persoas vinculadas ás entidades Down as que se presentaron a estas probas, conseguindo moitas delas superar o proceso tras dedicarlle moito esforzo e dedicación.

Un bo exemplo son Verónica Pardellas e Joan Abuín, dous mozos coa síndrome de Down de Ourense e Lugo, que conseguiron superar a proba o pasado ano tras dedicarlle dúas horas diarias á súa preparación. Ambos coinciden en que o exame non resultou moi complicado e Verónica está pensando en "sacar un Celga superior".

Tamén Xoel Pardo, usuario de Down Coruña, quixo presentarse porque quere "conseguir un traballo na Administración Pública e ter o Celga 2 era un dos requisitos". Aínda que recoñece que lle custa un pouco falar en galego, non tivo problemas para superar a proba, xa que "estudaba media hora diaria e tamén practicaba con chamadas telefónicas coas preparadoras cando estaba preto a data de exame".

Con todo, hai quen, a pesar de esforzarse moito, non supera o proceso, pero continúa preparándose para facelo nun futuro. É o caso de Andrea Iglesias, unha moza con discapacidade intelectual de Ourense que non conseguiu o certificado, pero que volverá a intentalo máis adiante, cando poida "preparalo en clases presenciais, para poder levalo mellor".

Todos e todas elas queren animar a outras persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais a presentarse en vindeiras edicións, xa que é "unha boa experiencia que axuda a encontrar traballo".

Necesidade de cursos preparatorios en lectura fácil

Unha boa formación é vital para a consecución duns bos resultados en calquera proba de certificación e, como vén sendo habitual desde os seus inicios, a Federación aposta pola preparación a través de recursos comunitarios da contorna.

Nos últimos anos conseguíronse grandes avances en relación ás probas para a obtención dos Certificados de Lingua Galega, como a posible exención nalgunha das partes dos exames ou as adaptacións de tempos e de materiais para facilitar a comprensión e a realización das probas a aquelas persoas con discapacidade intelectual que o precisen, pero desde a Federación Down Galicia continuamos detectando certas carencias no relativo ás formacións.

Ademais da necesidade dunha oferta formativa de ámbito autonómico, presencial e gratuíta para a preparación das probas Celga, desde a Federación consideramos moi necesaria, e máis no momento actual, a existencia dunha formación online en lectura fácil e a accesibilidade á plataforma virtual e aos contidos existentes en base ao deseño universal da aprendizaxe.

O feito de contar con formacións telemáticas máis accesibles e en lectura fácil non soamente beneficiaría ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, senón que axudaría a diversos grupos, entre os que se atopan as persoas con dificultades na linguaxe, o colectivo migrante ou persoas con baixa formación cultural.

Down Galicia xa trasladou esta demanda á Secretaría Xeral de Política Lingüística nunha reunión mantida o pasado mes de abril, na que a administración autonómica comprometeuse a abordar este tema canto antes.



Inserción en Down Ourense. Foto de arquivo

CASE 200 CONTRATOS EN EMPRESAS ORDINARIAS DURANTE 2020 AVALAN A METODOLOXÍA DE EMPREGO CON APOIO DAS ENTIDADES

Un total de 171 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2020. Este dato é lixeiramente inferior ao obtido no mesmo período do ano anterior, evidenciando desta forma os efectos negativos da COVID-19 no proceso de inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Por este motivo, a porcentaxe de persoas usuarias da bolsa de emprego de Down Galicia que tiveron acceso a un posto de traballo neste período tamén descendeu ata quedar no 69,2%. Esta baixa porcentaxe tamén ten a súa orixe no elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ás 247 persoas usuarias, deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego. E é que a inclusión laboral contribúe de xeito eficaz a eliminar os tópicos que tradicionalmente se lle atribúen a este colectivo, sendo ademais unha moi boa maneira de que as persoas con discapacidade teñan unha imaxe máis positiva e útil de si mesmas.

En canto á distribución por localidades, foron 64 persoas as que traballaron neste 2020 na zona de Vigo, 24 en Ourense, 20 en A Coruña, 18 en Lugo, 17 en Pontevedra, 15 na área de Compostela e 13 na zona de Ferrolterra.

A través destas 199 contratacións, os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como masaxista, dependente, auxiliar de biblioteca, especialista nunha fábrica, atención ao cliente, xardineiro, dependente, celador, auxiliar de repostería ou mantedor de instalacións deportivas, entre moitos outros.

Destacan neste período o número de prórrogas dos contratos e as transformacións dos mesmos en indefinidos, que, pese a tratarse do momento máis complicado da pandemia, chegan a 14 e a 12 respectivamente. Estes datos poñen claramente de manifesto a eficacia das persoas con discapacidade intelectual nos seus postos de traballo, demostrando que teñen capacidades máis que suficientes para superar o reto que lles propón a sociedade en canto ao traballo inclusivo.

Non obstante, os principais escollos para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual seguen a ser a inestabilidade, a temporalidade nas contratacións e a curta duración das súas xornadas de traballo, aínda que nos últimos anos estase constatando a aposta das empresas polos contratos indefinidos, que xa supoñen case o 50% do total.

Ademais, debido á situación de crise sanitaria que estamos a vivir desde marzo de 2020, 75 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais usuarias das entidades Down de Galicia estiveron durante algún tempo do ano en situación de ERTE, quedando aínda algunhas delas sen reincorporarse aos seus postos de traballo.

Outros retos pendentes

Tras varios anos con números moi positivos no relativo a contratacións e melloras laborais, 2020 e a crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 supuxo un estancamento na situación do colectivo. E é que máis aló dos datos expostos anteriormente, atopámonos cun grupo de persoas usuarias de idade máis avanzada que contaban cun emprego indefinido estable e que agora, tendo en conta o envellecemento prematuro das persoas coa síndrome de Down, será complicado que poidan volver incorporarse ao mercado de traballo.

Por outro lado, este envellecemento prematuro, evidenciado xa en distintos estudos, achéganos unha nova realidade: a necesidade de anticipar a idade de xubilación das persoas con síndrome de Down. Do mesmo xeito que en cuestións de saúde, as persoas maiores de 40 anos pertencentes ao colectivo deberían ser consideradas de forma similar ao grupo de poboación xeral de máis de 60 anos de idade, por iso débese dar resposta ás necesidades relativas a etapa post-laboral.



Inserción en Down Coruña. Foto de arquivo



Sesión de psicomotricidade en Down Compostela. Foto de arquivo

AS EMPRESAS PODEN SER SOLIDARIAS GRAZAS AO IMPOSTO DE SOCIEDADES

Desde Down Galicia sumámonos ao Terceiro Sector de Acción Social e animamos ás empresas para marcar a casiña Empresa Solidaria para tratar de aliviar a situación tan complicada que están a vivir as persoas máis vulnerables na nosa sociedade por mor da pandemia e todo o que está a conlevar.

Cun sinxelo xesto, as empresas solidarias poderán contribuír a lograr unha sociedade máis xusta, igualitaria e inclusiva ao seleccionar a casiña 00073 (modelo 200) ou a 069 (modelo 220) do seu Imposto de Sociedades. Trátase dunha acción totalmente voluntaria, que non supón ningún gasto adicional á empresa.

Para iso, as empresas poderán, durante o mes de xullo, destinar o 0,7% da cota íntegra que declaran a financiar proxectos sociais.

Ademais, con esta medida, as empresas poñerán de manifesto o seu compromiso solidario coa sociedade, xerando impacto social positivo e valor, non só para a empresa senón tamén para a sociedade. Poñerán en práctica a súa Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e estarán a contribuír á execución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030 coa procura de alianzas e novos escenarios de colaboración co Terceiro Sector.



PÁXINAS 13-14

Sesión de vida autónoma en Down Pontevedra Xuntos

O MOVEMENTO DOWN CREA #FÓRAPREXUÍZOS, UNHA CAMPAÑA PARA ACABAR COS MITOS EXISTENTES CONTRA O COLECTIVO

Con motivo da conmemoración do Día da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade o 3 de maio, a Federación Down Galicia e as súas entidades membro lanzaron unha campaña de concienciación para tratar de desbotar os prexuízos existentes contra as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Deste xeito, persoas usuarias das entidades Down de Galicia, familiares, profesionais e amizades xuntáronse para gravar divertidos vídeos onde nada é o que, a priori, podería parecer. Utilizando un formato propio da rede social TikTok e a través de distintas preguntas cotiás, crearase conciencia sobre moitos dos prexuízos máis arraigados na sociedade en relación ao colectivo: emprego, educación, tempo de lecer, hábitos diarios.

Esta serie de 5 vídeos foron publicados durante a semana do 3 de maio, baixo o hashtag #FóraPrexuízos, co que se pretende dar unha clara e sinxela indicación do que a sociedade debe facer neste.

E é que, a pesares de estar xa no século XXI, persisten aínda numerosos mitos sobre as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e está na man de cada un e cada unha de nós combatelos e derrubalos para que deixen de crear falsas realidades.



Down Vigo



Down Compostela



Down Lugo



Down Ourense



Down Pontevedra Xuntos



PÁXINAS 17-18

Carla, de Down Lugo, cociñando unha sobremesa



Imaxe do I Encontro virtual de mozas e mozos de Down Galicia

O MOVEMENTO DOWN EN GALICIA ORGANIZA O PRIMEIRO ENCONTRO VIRTUAL DE MOZOS E MOZAS COA SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Co obxectivo de coñecer xente nova e compartir inquedanzas e afeccións, 25 persoas usuarias das entidades Down en Galicia participaron o venres 7 de maio no I Encontro Virtual de Mozos e Mozas organizado polo Movemento Down.

Tras unha consulta previa a través dun cuestionario, as mozas e mozos estiveron divididos en tres grupos con distinta temática tendo en conta as súas preferencias. Desta maneira, a través de divertidas dinámicas e xogos, puideron compartir a súa opinión sobre diferentes formas de desfrutar do tempo de lecer como son o baile, o deporte ou o cine e a lectura.

O encontro fíxose curto e, tras dúas horas de tempo compartido, as persoas usuarias verbalizaron o firme compromiso de facer máis xuntanzas deste tipo para poder seguir coñecéndose e desfrutando xuntas a pesar da distancia. Aínda que o verdadeiro desexo é poder "saír, ir ao cine, viaxar e volver a desfrutar do ocio de maneira presencial".

PÁXINAS 19-20

ESPAÑA ELIMINA A INCAPACITACIÓN LEGAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE: EXPLICAMOS AS NOVIDADES XURÍDICAS

O Congreso dos Deputados aprobou o xoves 20 de maio as emendas incorporadas no Senado ao proxecto de lei que reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica por unha moi ampla maioría (un primeiro bloque contou con 282 apoios e o resto, con 267 votos afirmativos). Só houbo 10 votos en contra. Deste xeito, o proxecto de lei queda aprobado de forma definitiva.

A ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, Ione Belarra, destacou que "hoxe, por fin, vaise garantir a igualdade ante a lei das persoas con discapacidade" e o respecto da súa vontade.

Tamén tomou a palabra o ministro de Xustiza, Juan Carlos Campo, quen mostrou a súa "satisfacción" pola aprobación desta norma "e polo "consenso" co que "se traballou" ao longo deste tempo.

Impulsada polo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), esta reforma busca acabar coa incapacitación xurídica das persoas con discapacidade e, no seu lugar, propón todo un sistema de apoios individualizados para que tomen as súas decisións de forma libre e autónoma.

Elimina as figuras da tutela, a patria potestade prorrogada e a patria potestade rehabilitada, consideradas como "pouco adaptadas" ao sistema de promoción da autonomía das persoas. No seu lugar, o sistema de xustiza deberá proporcionar ás persoas que o necesiten as axudas e axustes necesarios (con recursos técnicos, materiais e humanos) para levar a cabo actos xurídicos tan diversos como casar, comprar unha vivenda ou facer testamento.

O seu obxectivo é adaptar a lexislación civil española á Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que entre outros puntos establece a súa igualdade en canto a capacidade xurídica e prohibe a discriminación neste ámbito.

Os grupos do Senado presentaron máis de 290 emendas ao proxecto de lei, moitas das cales foron incorporadas. Na súa redacción inicial, o proxecto de reforma incidía en sete leis (o Código Civil, a Lei do Notariado, a de Axuizamento Civil, a do Rexistro Civil, a Lei de Patrimonio, a de Xurisdición Voluntaria e a Lei Hipotecaria). Agora afecta tamén á Lei de Comercio.

Outras modificacións incluídas no Senado teñen que ver coa eliminación do termo "minusválido" ou "diminuído" de todas as leis; a introdución de medidas para que as persoas con discapacidade poidan participar nos procesos xudiciais "con garantías", de forma que poidan "entender e facerse entender", e a incorporación da figura do "facilitador", un experto que lles axudará ao longo de todo o proceso.



Imaxe da charla virtual

Charla virtual para abordar os cambios aprobados

Down Galicia organizou o venres 18 de xuño unha charla virtual dirixida ás persoas usuarias e familias pertencentes ás entidades membro da Federación, centrada na reforma lexislativa que modifica a capacidade de obrar das persoas con discapacidade.

As persoas encargadas de trasladarlle ás familias e persoas usuarias as principais novidades desta reforma legal en materia civil e procesual foron Maripaz García Rubio, Catedrática de Dereito Civil da USC e membro da Sección Primeira da Comisión de Codificación encargada da elaboración do borrador do proxecto de lei, e Imaculada Espiñeira, notaria en Santiago de Compostela.

Ambas contestaron todas as preguntas e dúbidas existentes tras explicar de xeito sinxelo e comprensible o alcance desta reforma, o significado real do novo sistema proposto ou a situación na que quedarán as persoas con discapacidade que están incapacitadas xudicialmente neste momento.

Entre as principais novidades do texto destacan, sobre todo, a desaparición de figuras como a tutela ou a patria potestade prorrogada e a proposta, no seu lugar, dun sistema de apoios individualizados e adaptados ás necesidades de cada persoa para que poidan tomar as súas propias decisións libremente e con toda a información posible.

DESCOBREN UNHA BACTERIA PRESENTE NAS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN QUE PREVÉN A CARIE

En Down España entrevistaron a Pedro Diz Dios, catedrático de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, para saber máis acerca da súa última investigación en relación á saúde bucodental das persoas coa síndrome de Down.

Segundo explicou o experto, as persoas coa síndrome de Down xeralmente teñen menor predisposición que o resto da poboación para ter carie. "Esta enfermidade atribúese a unha alteración do equilibrio entre as bacterias que colonizan a cavidade oral, un escenario que se coñece como "disbiosis". Por iso, pensamos en investigar se as persoas coa síndrome de Down eran portadoras dalgunha especie bacteriana particular que puidese contribuír a evitar esta disbiosis", sinala o doutor Diz.

O resultado da investigación sinalou que efectivamente existe unha bacteria presente na boca das persoas coa síndrome de Down que é "capaz de destruír algunhas bacterias implicadas no desenvolvemento da carie e da periodontitis -unha afección das enxivas que provoca a perda prematura dos dentes-".

"É unha bacteria do xénero estreptococo que tecnicamente denominamos Streptococcus downii, en referencia ao primeiro paciente no que se illou este microorganismo –coa síndrome de Down-", afirma.

Tal e como evidencia a investigación publicada, esta bacteria non é exclusiva da síndrome de Down, aínda que a súa presenza no resto da poboación é moi escasa, -só o 1% da poboación é portadora-. Por tanto, este achado non reporta beneficios exclusivos para as persoas coa síndrome de Down, xa que implica que "o estreptococo downii ten unha potencialidade anticarie e antiperiodontitis da que se podería beneficiar toda a poboación e especialmente as persoas de risco", explica Diz.

Por mor dos achados desta investigación, están a realizarse máis estudos que se centran en identificar e secuenciar a proteína que presumiblemente segrega este estreptococo e que é a que lle outorga actividade antibacteriana. Por outra banda, segundo indica o catedrático en odontoloxía "está a explorarse a posibilidade de que poida chegar a producirse de forma industrial e comercializarse en forma de colutorio".

Para finalizar a entrevista, o doutor Diz lembra que as recomendacións xerais para unha boa saúde bucodental das persoas coa síndrome de Down son manter e coidar a hixiene oral de maneira rigorosa e metódica, e visitar ao dentista periodicamente.



Sesión de Educación en Down Ourense. Foto de arquivo

CAL É O BALANCE DO ÚLTIMO ANO? VELAQUÍ ESTÁ A MEMORIA DE DOWN GALICIA DO 2020

O 2020 foi un ano complexo onde as entidades Down e a propia Federación tiveron que reorganizar o traballo e reformular programas e obxectivos, adaptándose a un contexto tan delicado como é a pandemia da Covid-19.

A pesar de todo, grazas ao teletraballo e ás citas individuais, a atención non parou en ningún momento. Velaquí presentamos o balance e memoria do 2020, incluíndo tanto a versión en Lectura Fácil como a versión visual en vídeo.

Memoria de actividades 2020

Contas anuais 2020



Memoria visual 2020

MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Vegalsa-Eroski mantén a súa aposta polo Programa de Emprego con Apoio de Down Pontevedra Xuntos

A empresa Vegalsa-Eroski conta no seu equipo de traballo con Enma Abal e Manuel García desde hai xa 10 anos. Este mes de maio, outras tres persoas candidatas da bolsa de emprego de Xuntos teñen a oportunidade de realizar prácticas no posto de reposición desta empresa.

Persoas usuarias de Down Ourense participan nunha formación sobre novas tecnoloxías

Saber facer un bo uso das novas tecnoloxías é algo imprescindible hoxe en día. É por iso que varias persoas usuarias do programa de Formación Laboral de Down Ourense participaron os pasados 18 e 25 de maio en dúas charlas sobre este tema na Casa da Mocidade da cidade.

Mozos e mozas de Down Lugo continúan mellorando a súa autonomía no ámbito doméstico

"Limpar o brócoli quitándolle os talos grosos, pelar e cortar os allos, poñer auga a ferver cunha cullerada de sal…". Así comeza unha das sinxelas e saudables receitas que elaboran semanalmente as persoas participantes no programa de Autonomía Doméstica de Down Lugo.

PÁXINAS 29-30

SÉGUENOS!

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

SUBSCRÍBETE!


Recibe a Revista Down Galicia no teu correo!

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

Consulta a nosa política de privacidade

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



DOWN Galicia

Campaña de Down Compostela polo Día do Traballo